

ACTA NÚMERO: 29/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 21 de setembro de 2023 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG,
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 14 de setembro de 2023 (Reunión 28/2023).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética en instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes ao expediente PR D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do PRTR. (Expte.- 2023030782).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aerotermia sostenibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e as Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) dentro do PRTR. (Expte.- 2023042599).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto DA TÚA MAN RURAL, presentado á convocatoria 2022 do PRTR. (Expte.- 2023039995).*
5. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". (Expte.- 2023042340).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliábel mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". (Expte.- 2023042340).*
7. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra). (Expte.- 2023026483).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliábel mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra). (Expte.- 2023026483).*
9. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de actualización e mantemento da infraestrutura de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación. (Expte.- 2023041852).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliábel mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de actualización e mantemento da*



infraestrutura de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación. (Expte.- 2023041852).

11. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui. (Expte.- 2023034850).*
12. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes ás propostas avaliábles mediante criterios que precisan xuízos de valor, do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui. (Expte.- 2023034850).*
13. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Ponteareas. (Expte.- 2023010415).*
14. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes ás propostas avaliábles mediante criterios que precisan xuízos de valor, do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Ponteareas. (Expte.- 2023010415).*

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto o Presidente como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 14 de setembro de 2023 (Reunión 28/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 14 de setembro de 2023 (Reunión 28/2023).

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética en instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000 no marco do PRTR. (Expte.- 2023030782).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 2 de xuño de aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética en instalacións fotovoltaicas sostibles II correspondentes co expediente PR-D5000-2021-001085 dentro do programa DUS 5000



no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación transformación e resiliencia. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/07/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 31/08/2023 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

Setga SLU.- CIF B36699064 (Lotes 1, 2 e 3)

Así mesmo a Mesa de contratación acordou non admitir a oferta da empresa Fluelex Eigma SA ao terse presentado fora do prazo.

Na reunión do día 31 de agosto de 2023 tamén se procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliabile mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo de Cooperación a efectos da súa valoración.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 14/09/2023 en base o informe de valoración emitido con (CSV) 90TWK593ZSNA2RYC acordou prestar conformidade as puntuacións correspondentes aos criterios avaliabile mediante xuízos de valor acadadas polas empresas admitidas, sendo ditas puntuacións as seguintes:

CRITERIOS	SUBCRITERIOS	PUNTOS	DESCRIPCIÓN	PTOS. MAX	LOTE I	LOTE II	LOTE III
4a	Nivel de conocimiento de los trabajos y calidad en la planificación.	12	Nivel de conocimiento	4	4	4	4
			Los recursos que se dedicarán	4	3	3	3
			La aplicación de la UNE-EN ISO 9001	2	2	2	2
			o La aplicación de los procedimientos de la UNE-EN ISO 14001	2	2	2	2
4b	Calidad de los equipos de aeroterminia	12	Características técnicas de los equipos	5	4	4	4
			Calidad del diseño	4	2	2	2
			Marca de reconocido prestigio	3	3	3	3
4c	Calidad del resto de componentes de la instalación	8	Materiales empleados	4	3	3	3
			Grado de protección IP e IK	2	2	2	2
			Vida útil estimada	2	2	2	2
4d	Software de monitorización	8	Capacidad del sistema de monitorización	3	2,5	2,5	2,5
			Características del programa de mantenimiento del software	3	1	1	1
			Facilidad de uso y la cantidad de información disponible	2	1	1	1
PUNTOS TOTALES		100		40	31,5	31,5	31,5

Na reunión do día 14 de setembro de 2023 a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres C, das empresas que acadaron unha valoración



mínima do 50% da puntuación máxima asinable (20,00 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas sendo os valores ofertados os seguintes:

Empresa: Setga SLU (CIF B36699064)

1.- Prezos ofertados					
Lote	Denominación	Orzamento base de licitación (sen iva)	Prezo ofertado sen iva	IVE	Prezo total ofertado (IVE incluído)
1	Proxecto 1. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo no edificio Casa do Concello de Forcarei.	24.514,00 €	22.798,02 €	4.787,58 €	27.585,60 €
	Proxecto 4.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa do Concello, Centro de saúde e albergue do Concello de Dozón				
2	Proxecto 2. Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Casa Consistorial e Polideportivo e Piscina Municipal do Concello de Caldas de Reis.	43.435,00 €	40.394,55 €	8.482,85 €	48.877,40 €
3	Proxecto 3.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Colexio Público Integrado e Pavillón de Deportes do Concello de Catoira	53.907,00 €	50.133,51 €	10.528,04 €	60.661,55 €
	Proxecto 5.- Mellora da eficiencia enerxética mediante instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos edificios Piscina e Club Náutico, Casa da Cultura e Complexo Deportivo do Concello de Ribadumia.				

2.- Prazo de garantía ofertado:

3.- Porcentaxe de control de calidade sobre o orzamento de execución material ofertado: 3 %



Procedeuse a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, sendo as puntuacións totais acadadas as que constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con CSV (73RI8EK8JHLVNWHW) e que son as seguintes:

Criterios	Puntuación lote 1 Setga SLU	Puntuación lote 2 Setga SLU	Puntuación Lote 3 Setga SLU
Prezo ofertado	14,00	14,00	14,00
Prazo de garantía	10,00	10,00	10,00
Porcentaxe de control de calidade	10,00	10,00	10,00
Total	34,00	34,00	34,00

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Lote 1

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1 ^a	Setga SLU (CIF B36699064)	65,50

Lote 2

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1 ^a	Setga SLU (CIF B36699064)	65,50

Lote 3

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1 ^a	Setga SLU (CIF B36699064)	65,50

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos tres lotes do referido procedemento aberto, a empresa Setga SLU (CIF B36699064).



3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Aerotermia sostenibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e as Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) dentro do PRTR. (Expte.- 2023042599).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial numero 2023006263 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execucion das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e As Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11/08/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 31/08/2023 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

Lote 1.- Termocalor Vigo SL

Lote nº2.- Non se presentou ningunha oferta

Así mesmo a Mesa de Contratación na reunión do día 31 de agosto de 2023 tamén procedeu á efectuar a apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo de Cooperación a efectos da súa valoración.

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 14/09/2023 en base o informe de valoración emitido con (CSV) X2AE48DCA0GKBCN2 acordou prestar conformidade as puntuacións correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor acadadas polas empresas admitidas, sendo ditas puntuacións as seguintes:

Lote 1.- Empresa: Termocalor Vigo SL





Criterio		Puntos Máx.	TERMOCALOR S.L.
Criterio 4A	Nivel de conocimiento de los trabajos y calidad de la planificación		
Criterio 4A	Nivel de conocimiento de los trabajos a realizar, de las particularidades de las instalaciones objeto de actuación y de las soluciones técnicas posibles.	4	2
Criterio 4A	Los recursos que se dedicarán a cada una de las tareas y el nivel de detalle da planificación a emplear.	4	2
Criterio 4A	La aplicación de la UNE-EN-ISO 9001 o similar (manual de calidad y procedimientos) en la gestión y control de la calidad en el desarrollo de los trabajos.	2	1
Criterio 4A	La aplicación de la UNE-EN-ISO 14001 o similar en el control ambiental durante el desarrollo de los trabajos.	2	1
	Total criterio 4A	12	6
Criterio 4B	Calidad de los equipos de aerotermia		
Criterio 4B	Las características técnicas de los equipos de aerotermia (Potencia frigorífica y calorífica nominal, consumo eléctrico nominal en refrigeración y calefacción, nivel sonoro, caudal de aire, presión estática, tipo de refrigerante, etc.). Se valorarán las mejoras que presenten los equipos sobre las especificaciones técnicas exigidas, así como aquellos aspectos de la instalación o sus elementos que se consideren innovadores.	4	3
Criterio 4B	La durabilidad y reciclabilidad de los equipos aerotermia atendiendo a sus características técnicas y que sean fáciles de desmontar, reacondicionar y reutilizar	4	0
Criterio 4B	Calidad del diseño (ligereza, forma que favorezca la instalación y mantenimiento, etc.)	4	2
	Total criterio 4B	12	5
Criterio 4C	Calidad del resto de componentes de la instalación		
Criterio 4C	Materiales empleados	3	1,5
Criterio 4C	Grado de protección IP e índice de protección IK	3	1,5
Criterio 4C	Vida útil estimada	2	0
	Total criterio 4C	8	3
Criterio 4D	Software de monitorización		
Criterio 4D	Capacidad del sistema de monitorización propuesto para la adquisición y transmisión de datos, posibilidades gestión telemática y medidas de seguridad en el funcionamiento	3	3
Criterio 4D	Características del programa de mantenimiento del software, servicios de asesoramiento, formación de usuarios, servicio post venta y los servicios sin coste que estén incluidos en el precio ofertado (disponibilidad de actualizaciones, etc.)	3	2
Criterio 4D	La facilidad de uso y la cantidad de información disponible (por ejemplo, la producción total, por string, comparativas, tensiones e intensidades, configuración de alarmas...etc.).	2	2



	Total criterio 4D	8	7
	TOTAL	40	21

A Mesa de Contratación na reunión do día 14 de setembro de 2023 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “C”, das empresas que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (20,00 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas sendo os valores ofertados os seguintes:

Lote 1.- Termocalor Vigo SL

1.- Prezo total ofertado:

Denominación lote	Importe máximo (sen iva)	Importe ofertado (sen iva)	IVE (21%)	Importe ofertado (iva incl.)
LOTE 1.- Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeneración térmica renovable e redes de calor e /ou frío no Concello de Catoira.	43.316,00€	41.583,36 €	8.372,51 €	50.315,87 €

2.- Prazo de garantía ofertado: 24 meses.

3.- Porcentaxe de control de calidade sobre o orzamento de execución material ofertado: 3%

Procedeuse a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, sendo as puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con CSV (I8W7NR8KY9BDMS25) as seguintes:

Lote 1 :- Empresa Termocalor Vigo SL

Criterios	Puntuación Criterios automáticos
Prezo ofertado	8,00
Prazo de garantía	5,00
Porcentaxe de control de calidade	10,00
Total puntuación sobre C Criterios automáticos	34,00

A Mesa de Contratación acorda:



1. Aprobar a clasificación acadada polas ofertas presentadas polas empresas que concorren no procedemento aberto, que queda da seguinte forma:

Lote 1

POSICIÓN	EMPRESAS	Puntuación Total
1ª	Termocalor Vigo SL	55,00

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do lote nº1 do referido procedemento aberto, a empresa Termocalor Vigo SL.
3. Propor ao órgano de contratación (Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación), declarar deserto o lote nº 2 do referido procedemento ao non terse presentado ningunha empresa.

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto DA TÚA MAN RURAL, presentado á convocatoria 2022 do PRTR. (Expte.- 2023039995).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023005936 de data 26/07/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, *do servizo de deseño e lanzamento das campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, comercio e turismo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea Next Generación EU.*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26/07/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 31 de agosto de 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A



correspondentes a documentación, acordando a Mesa de Contratación admitir a seguinte empresa:

- Roi Digital Business, S.L. (B-27808666).

A Mesa de Contratación na reunión do día 31 de agosto de 2023 tamén procedeu á apertura electrónica do sobre “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados pola empresa que resultou admitida, Roi Digital Business S.L. (B27808666) e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Servizo do Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do servizo de Promoción de Emprego con data 11/09/2023, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor presentada polas empresas licitantes, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Empresas licitadoras	1. Proposta estratéxica do plan de medios Puntuación máxima: 20 puntos			TOTAL
	Estratexia (ata 7 puntos)	Optimización (ata 7 puntos)	Fontes de información (ata 6 puntos)	
ROI DIGITAL BUSINESS, S.L.	7	7	6	20

Empresas licitadoras	2. Proposta de plan de medios Puntuación máxima: 22 puntos			TOTAL
	Xustificación (ata 8 puntos)	Cobertura (ata 7 puntos)	Periodicidade (ata 7 puntos)	
ROI DIGITAL BUSINESS, S.L.	7	5	7	19

Empresas Licitadoras	1.- Proposta estratéxica do plan de medios (ata 20 puntos)	2.- Proposta de plan de medios (ata 22 puntos)	Total (ata 42 puntos)
ROI DIGITAL BUSINESS, S.L.	20	19	39

A Mesa de contratación na reunión do día 14/09/2023 acordou prestar conformidade as citadas puntuacións, e dado que a empresa alcanzou a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de



valor, tal e como se recolle na cláusula 10.1 do prego de cláusulas administrativas e a continuación procedeuse á apertura e valoración das propostas do sobre C.

A oferta presentada por Roi digital business S.L. (B-27808666) foi a seguinte:

Empresa: Roi Digital Business, S.L. (B-27808666).

Prezo total ofertado sen IVE, para xestión e coordinación	IVE (21%)	Prezo total ofertado
10.756,50€	2.258,87 €	13.015,37€

Importe do investimento en acción de comunicación e promoción da ofertada pola empresa.	IVE (21%)	Prezo total ofertado
51.754,50€	10.868,45 €	62.622,95€

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos nos pregos a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa ROI DIGITAL BUSINESS (CIF: B27808666) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado para a xestión e coordinación polo que se lle require xustificación.

En data 19/09/2023 a empresa ROI DIGITAL BUSINESS, achega a xustificación da baixa temeraria (REX_WEB2023053790) sendo valorada polo xefe do servizo de Promoción do emprego mediante informe de data 19/09/2023 no que considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica.

A Mesa de contratación acorda:

1. Aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Roi Digital Busines, en base ao informe de valoración presentado polo Xefe do Servizo de Promoción de Emprego.
2. Aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para contratación dos referidos servizos, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Puntuación Sobre B (Máx.42 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx.58 puntos)	Puntuación total



1ª	Roi Digital Business, S.L. (CIF B-27808666)	39	58	97
----	--	----	----	----

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa Roi Digital Business, S.L. (C.I.F.- A-15050842) polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

5. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)". (Expte.- 2023042340).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado polo Xunta de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de agosto de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de agosto de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO S.L.
- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- HORDESCON S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
- NAROM S.L.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, con data 15 de setembro de 2023, emitiu o correspondente



informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN S MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	22,00	3,00	25,00
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	18,00	2,00	20,00
NAROM S.L.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	14,00	2,00	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	14,00	2,00	16,00
HORDESCON S.L.	14,00	2,00	16,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Rosendo Alonso Fernández, de data 15 de setembro de 2023, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

6. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”. (Expte.- 2023042340).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-7102 Serrapio-Portela, P.Q. 1+950 ao P.Q. 3+150 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	25,00
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	25,00



CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	23,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.	20,00
NAROM S.L.	18,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.	16,00
HORDESCON S.L.	16,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descifrado e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asignable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	337.075,72 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	336.281,92 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	333.647,95 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	345.807,49 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	353.240,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	330.689,25 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	357.209,34 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	347.395,10 €	3%	36 MESES	SI	SI



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, HORDESCON, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

7. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “A” do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra). (Expte.- 2023026483).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023005242 de data 26/06/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, dos *“servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra)”*.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 26/06/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas presentadas e admitidas foron as seguintes:

- TAU RESTAURACIÓN Y CONSERVACIÓN DE BIENES CULTURALES S.L.(TAU) (CIF B32468704)
- CREA CONSERVACION RESTAURACION ESTUDIOS DE ARTE (CREA) (CIF: B94076338)
- ARA S.L. (CIF: B27839877)
- JAVIER GARCÍA-LOZANO ESTUDILLO (CONSERVATIO) (DNI: 05928973X)

A Mesa de Contratación na reunión do día 31/08/2023 procedeu á apertura do sobre “A”, nos que aparte da documentación administrativa tamén figuraba a documentación técnica, aportada polas empresas licitadoras ó procedemento convocado para a contratación do referido servizo, remitíndose a mesma ó servizo do Museo para á súa valoración.



Con data 13/09/2023 o Director do Museo de Pontevedra, emite informe (CSV: 35LDODWSCJC02CA6) relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras que acadan o seguinte resultado:

	Criterios/Puntos					TOTAL
	1.1	1.2	1.3	2.1	2.2	
Empresas	4,00	4,00	4,00	4,00	4,00	20 puntos
CREA	4,00	4,00	4,00	3,00	3,00	18 puntos
ARA S.L.	1,00	2,00	1,00	1,00	0,00	5 puntos
CONSERVATIO	1,00	2,00	1,00	4,00	0,00	8 puntos
TAU	4,00	3,00	4,00	3,00	3,00	17 puntos

Na cláusula 9.1 do PCAP establécese que para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre A). Sendo a máxima puntuación que se pode alcanzar de 20 puntos, é preciso alcanzar 10 para pasar á seguinte fase. De acordo co que se pode observar na táboa anterior son dúas as empresas licitadoras que satisfán esta condición.

	Criterios/Puntos					TOTAL
	1.1	1.2	1.3	2.1	2.2	
Empresas	4,00	4,00	4,00	4,00	4,00	20 puntos
CREA	4,00	4,00	4,00	3,00	3,00	18 puntos
TAU	4,00	3,00	4,00	3,00	3,00	17 puntos

A Mesa de Contratación en base ó informe emitido polo Director do Museo de Pontevedra de data 13/09/2023, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas: TAU RESTAURACIÓN Y CONSERVACIÓN DE BIENES CULTURALES S.L.(TAU) (CIF B32468704) e CREA CONSERVACION RESTAURACION ESTUDIOS DE ARTE (CREA) (CIF: B94076338) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato.

8. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para contratación dos servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra). (Expte.- 2023026483).



O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas o procedemento aberto simplificado abreviado para a contratación dos “*Servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra)*”, e que é a seguinte:

	Criterios/Puntos					TOTAL
	1.1	1.2	1.3	2.1	2.2	
Empresas	4,00	4,00	4,00	4,00	4,00	20 puntos
CREA	4,00	4,00	4,00	3,00	3,00	18 puntos
TAU	4,00	3,00	4,00	3,00	3,00	17 puntos

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

CREA CONSERVACION RESTAURACION ESTUDIOS DE ARTE (CREA) (CIF: B94076338)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	51.627,94€
IVE (21 %):	10.841,87€
Importe total ofertado:	62.469,81€

2. Ampliación da composición ou requirimentos do equipo de traballo (por riba dos mínimos esixidos no compromiso de medios)

2.1) 8 meses

2.2) 6 traballos dirixidos pola persoa proposta como como xefe/a de equipo nos últimos 10 anos de restauración de pintura mural policromada en inmobles protexidos polo seu valor cultural.



2.3) 6 traballos realizados polo restaurador/a do equipo técnico nos últimos 10 anos de restauración de pintura mural policromada en inmobles protexidos polo seu valor cultural

2.4) Outro persoal de apoio para a execución dos traballos específicos relacionados directamente coa intervención

- historiador/a da arte
- arquitecto/a técnico/a
- laboratorio de análises químicos
- fotógrafo/a

3. Melloras para o período de control sobre a restauración

3.1) 4 visitas de seguimento e comprobación que levan consigo a redacción da memoria final logo de transcrito o período de garantía e, de ser o caso, unha actuación conservadora necesaria.

3.2) 25 meses de ampliación do prazo de garantía

4. Plan de Divulgación

4.1) 2 Xornadas de difusión da actuación

4.2) máis de 10 Accións de comunicación en redes sociais

4.3) Vídeo difusión SI

TAU RESTAURACIÓN Y CONSERVACIÓN DE BIENES CULTURALES S.L.(TAU) (CIF B32468704)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	49.617,49 €
IVE (21 %):	10.419,59 €
Importe total ofertado:	60.036,68 €

2. Ampliación da composición ou requirimentos do equipo de traballo (por riba dos mínimos esixidos no compromiso de medios)

2.1) 2 meses

2.2) 9 traballos dirixidos pola persoa proposta como como xefe/a de equipo nos últimos 10 anos de restauración de pintura mural policromada en inmobles protexidos polo seu valor cultural.

2.3) 9 traballos realizados polo restaurador/a do equipo técnico nos últimos 10 anos de restauración de pintura mural policromada en inmobles protexidos polo seu valor cultural

2.4) Outro persoal de apoio para a execución dos traballos específicos relacionados directamente coa intervención

1 Licenciado en Historia



2 Laboratorio de análisis clínicos

1 Fotógrafo

3. Melloras para o período de control sobre a restauración

3.1) 4 visitas de seguimento e comprobación que levan consigo a redacción da memoria final logo de transcorrido o período de garantía e, de ser o caso, unha actuación conservadora necesaria.

3.2) NINGÚN meses de ampliación do prazo de garantía

4. Plan de Divulgación

4.1) 2 Xornadas de difusión da actuación

4.2) Más de 10 Accións de comunicación en redes sociais

4.3) Vídeo difusión SI

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios do sobre “B” son as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	CREA	TAU
1 Prezo ofertado, ata un máximo de 40 puntos	10,494	18,235
2.Ampliación da composición ou requirimentos do equipo de traballo, ata máximo de 30 puntos	30	22
3.Melloras para o período de control sobre a restauración, ata un máximo de 4 puntos	4	2
4.Plan de Divulgación, ata un máximo de 6 puntos	6	6
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B	50,494	48,235

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra)”, que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CREA CONSERVACION RESTAURACION ESTUDIOS DE ARTE (CREA) (CIF: B94076338)	18	50,494	68,494 puntos
2ª	TAU RESTAURACIÓN Y CONSERVACIÓN DE BIENES CULTURALES S.L.(TAU) (CIF B32468704)	17	48,235	65,235 puntos

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Servizos de restauración das pinturas murais do refectorio antigo do Convento de Santa Clara (Pontevedra)*”, á empresa, *CREA CONSERVACION RESTAURACION ESTUDIOS DE ARTE (CREA) (CIF: B94076338)* que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado, e de acordo co seguinte detalle:

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	51.627,94€
IVE (21 %):	10.841,87€
Importe total ofertado:	62.469,81€

2. Ampliación da composición ou requirimentos do equipo de traballo (por riba dos mínimos esixidos no compromiso de medios)

2.1) 8 meses

2.2) 6 traballos dirixidos pola persoa proposta como como xefe/a de equipo nos últimos 10 anos de restauración de pintura mural policromada en inmobles protexidos polo seu valor cultural.

2.3) 6 traballos realizados polo restaurador/a do equipo técnico nos últimos 10 anos de restauración de pintura mural policromada en inmobles protexidos polo seu valor cultural

2.4) Outro persoal de apoio para a execución dos traballos específicos relacionados directamente coa intervención

- historiador/a da arte
- arquitecto/a técnico/a
- laboratorio de análises químicos
- fotógrafo/a

3. Melloras para o período de control sobre a restauración



3.1) 4 visitas de seguimento e comprobación que levan consigo a redacción da memoria final logo de transcorrido o período de garantía e, de ser o caso, unha actuación conservadora necesaria.

3.2) 25 meses de ampliación do prazo de garantía

4. Plan de Divulgación

4.1) 2 Xornadas de difusión da actuación

4.2) máis de 10 Accións de comunicación en redes sociais

4.3) Vídeo difusión SI

A Mesa de Contratación comproba que a empresa **CREA CONSERVACION RESTAURACION ESTUDIOS DE ARTE (CREA)** (CIF: B94076338) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estando debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

- 3) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, **CREA CONSERVACION RESTAURACION ESTUDIOS DE ARTE (CREA)** (CIF: B94076338) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 2.581,40 euros.
- 4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirille o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

9. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “A” do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de actualización e mantemento da infraestrutura de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación. (Expte.- 2023041852).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023006451 de data 21/08/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da actualización e mantemento da infraestrutura de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22/08/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A Mesa de Contratación na reunión do día 7 de setembro de 2023 procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes a documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor. A Mesa de contratación en dita reunión acordou admitir as empresas presentadas: ELVELB TECNICAS Y SISTEMAS S.L. e SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGIA S.A. e así mesmo dar traslado da documentación correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías para que avalíen e ponderen as ofertas.

O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías emitiu informe, con data 15/09/2023, relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

CRITERIOS	Máximo	SATEC	EVELB
Metodoloxía de xestión do servizo	8,00	7,00	4,00
Xestión de incidencias	15,00	12,00	10,00
Procedementos para a xestión de incidencias	5,00	5,00	5,00
Procedementos para o escalado das incidencias	5,00	4,00	1,00
Accións definidas para a mellora continua	5,00	3,00	4,00
Seguimento e informes	2,00	2,00	1,00
TOTAIS	25,00	21,00	15,00

A Mesa de Contratación en base ó citado informe acorda prestar conformidade as citadas puntuacións, e por *alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor*, segundo se indica na cláusula 9.1 do Prego de Cláusulas Administrativas para poder optar a participar na apertura da documentación avaliada mediante criterio automático do sobre “B”.

10. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de actualización e mantemento da infraestrutura de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa da Deputación. (Expte.- 2023041852).



O Secretario informa aos asistentes da puntuación acadada polas empresas ELVEB TECNICAS Y SISTEMAS S.L. e Sistemas Avanzados de Tecnología S.L.(SATEC), na valoración correspondente aos xuízos de valor, de conformidade co informe de xefe do servizo de novas tecnoloxías de data 15/09/2023 que é a seguinte:

CRITERIOS	Máximo	SATEC	EVELB
Metodoloxía de xestión do servizo	8,00	7,00	4,00
Xestión de incidencias	15,00	12,00	10,00
Procedementos para a xestión de incidencias	5,00	5,00	5,00
Procedementos para o escalado das incidencias	5,00	4,00	1,00
Accións definidas para a mellora continua	5,00	3,00	4,00
Seguimento e informes	2,00	2,00	1,00
TOTAIS	25,00	21,00	15,00

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas EVELB TECNICAS Y SISTEMAS S.L. e SATEC que participa no procedemento aberto simplificado convocado para a dita contratación xa que ambas acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor.

O valores ofertados polas empresas son seguintes:

EVELB TECNICAS Y SISTEMAS S.L. (B-70240320)

1.-Prezo ofertado:

Prezo ofertado sen o IVE:	32.109,00 €
IVE (21%)	6.742,94 €
Importe total ofertado co IVE	38.852,16 €



SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGIA S.A. (A-33117995)
1.-Prezo ofertado:

Prezo ofertado sen o IVE:	32.900,00 €
IVE (21%)	6.909,00 €
Importe total ofertado co IVE	39.809,00 €

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a puntuación obtida no sobre B “criterios automáticos” é a seguinte:

	Puntuacións sobre B
ELVELB	12,748
SATEC	2,693

As puntuacións totais do sobre A máis o sobre B é a seguinte:

	Puntuacións sobre A	Puntuacións sobre B	Totais
ELVELB	15	12,74	27,74
SATEC	21	2,69	23,69

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas a este procedemento aberto simplificado do seguinte xeito:

POSICIÓN	EMPRESA	SOBRE “A”	SOBRE “B”	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ELVELB	15	12,74	27,74
2ª	SATEC	21	2,69	23,69

2. Propor ao órgano de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación *da Actualización e mantemento da infraestrutura de control de acceso dos usuarios e dispositivos á rede corporativa*



de Deputación de Pontevedra á empresa ELVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. (B-70240320).

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ao secretario da Mesa para que proceda a requirir, mediante comunicación electrónica, á empresa ELVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. (B-70240320), proposta como adxudicataria, para que, no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío do requirimento, presente a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:
 - a) Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica, de acordo co suposto na cláusula 8.Solvencia económica-financeira e técnica do PCAP.
 - b) Documento que acredite a garantía definitiva por importe de 1.605,46€
 - c) Acreditar está en posesión do certificado do fabricante que lle autoriza como partner recoñecido a ofrecer os servizos de mantemento sobre o equipo que é obxecto do presente contrato. Tamen deberá acreditar o apoio e a implicación directa do fabricante

4. Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a persoa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

11. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui. (Expte.- 2023034850).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante Resolución Presidencial núm. 2023005472, de data 05 de xullo do 2023, aprobouse o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Tui.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 169, de data 01/09/2023, e no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01/09/2023. Na mesma data, publicáronse no *Perfil de*



Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa presentada polas persoas licitadoras.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes persoas licitadoras:

- María Luisa Ferreira Peixoto (DNI: 35493129N)
- María Cristina Rosendo Carrera (DNI: 35563420S)

12. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes ás propostas avaliáveis mediante criterios que precisan xuízos de valor, do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui. (Expte.- 2023034850).

A Mesa de Contratación, na reunión do 21/09/2023, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do concurso público convocado para a contratación do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Tui, sendo as persoas admitidas as seguintes:

- María Luisa Ferreira Peixoto (DNI: 35493129N)
- María Cristina Rosendo Carrera (DNI: 35563420S)



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico dos servizos do ORAL e Arquitectura, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este concurso público.

13. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Pontearreas. (Expte.- 2023010415).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno nº11.32849, adoptado na sesión ordinaria de data 28 de xullo de 2023, aprobouse o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Pontearreas.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 169, de data 01/09/2023, e no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01/09/2023. Na mesma data, publicáronse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa presentada polas persoas licitadoras.



Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir á seguinte persoa licitadora:

- D. Francisco Outón Estévez (DNI: 35787420H)

14. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes ás propostas avaliáveis mediante criterios que precisan xuízos de valor, do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Ponteareas. (Expte.- 2023010415).

A Mesa de Contratación, na reunión do 21/09/2023, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do concurso público convocado para a contratación do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Ponteareas, sendo a única persoa admitida a seguinte:

- D. Francisco Outón Estévez (DNI: 35787420H)

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación dos sobres "B", correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres "B" ao persoal técnico dos servizos do ORAL e Arquitectura, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este concurso público.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

